

MÁIS QUE PALABRAS

OBXECTIVOS

- Repasar aspectos léxicos, semánticos, etimolóxicos e sociais da palabra "refuxiado/a".
- Reflexionar sobre o uso comunicativo que facemos da linguaxe e as súas implicacións persoais e sociais.
- Traballar sobre formas de expresión que nos axuden a manifestar o noso apoio a outras persoas.

MATERIAIS NECESARIOS

- Presentación para proxectar: "Refuxiado/a: Máis que palabras"

MATERIAL DE APOIO

- Guía de actividades e recursos de educación en dereitos e cidadanía global sobre os dereitos dos nenos e nenas migrantes e refuxiados, dispoñible en unicef.es/educa

O uso que facemos da linguaxe pode determinar a nosa realidade cotiá, o modo no que vemos o mundo e como nos relacionamos cos demais. Ao referirnos ás persoas migrantes e refuxiadas, reflectimos os nosos esquemas de pensamento persoais ou grupais e contribuímos a levantar ou derrubar barreiras ao redor delas. Tamén é importante o modo en que cada persoa se refire a si mesma: se me instalo noutro país, considérome migrante?, refuxiada?, viaxeiro?...

Estas son algunhas das cuestións que poden traballarse a través desta actividade de Lingua sobre a palabra "refuxiado", as súas raíces, os seus usos e as súas connotacións.

A actividade céntrase nunha presentación para proxectar en clase de Lingua que pode culminar coa elaboración dun pasaporte de acollida.

Presentación para a clase de Lingua

A presentación abarca diferentes aspectos relacionados co uso da linguaxe e as diapositivas, aínda que se complementan entre si, son independentes en canto a contido. De acordo coas necesidades do noso alumnado podemos proxectar unhas diapositivas ou outras ou mesmo utilizar só una delas.

A actividade pode concluír coa elaboración de materiais comunicativos de apoio á infancia refuxiada, como indica a diapositiva 11. Estes traballos, ou imaxes deles, poden publicarse no blogue do centro educativo ou difundirse en redes sociais. Ademais, podedes publicar a noticia en www.unicef.es/educa, para compartir a vosa experiencia con outros centros educativos que participan con UNICEF.

Algunhas preguntas que poden servir de guía para cada diapositiva



DIAPOSITIVA 1

- Esta é a definición da RAG da palabra “refuxiado”: Persoa que se viu obrigada a abandonar o seu país por causas políticas, unha guerra, unha catástrofe etc.
- Engadirías ou quitarías algo da definición? Hai algo que che chame a atención?
- En 2015 foi escollida palabra do ano por Fundéu, por ser una palabra cuxo uso nos medios foi moi frecuente, pero que plantexa dúbida sobre o seu uso adecuado. Tés dúbidas sobre o uso desta palabra?

DIAPOSITIVA 2

- En que se parecen a palabra grega e a palabra latina?
- Coñeces máis palabras que proveñan do grego ou do latín?
- Quen era Phyge ou Fuga? Que nos di esa historia sobre a palabra “refuxiado”?
- Coñeces máis palabras que teñan unha orixe mitolóxica?

DIAPOSITIVA 3

- Aquí aparece a palabra “refuxiados” noutros idiomas
- En que se parecen as palabras? Como empezan? Como acaban?
- Pódense establecer grupos de palabras polo seu parecido?
- Os lugares nos que as palabras son parecidas son próximos xeograficamente?
- Cales poden estar baseadas nas raíces gregas e latinas que vimos antes?
- Cales destes idiomas son falados hoxe en día por refuxiados? E nos últimos cen anos?

DIAPOSITIVA 4

- Estas palabras comparten raíz léxica coa palabra “refuxiado” pero significan cousas distintas. Cales son os significados?
- Hai algún elemento que comparten todas as palabras? Hai algunha idea que subxace a todas elas?
- Cal sería a palabra denotativamente máis parecida a “refuxiado”? E a máis afastada?
- Cales teñen sentidos connotativos positivos, neutros ou negativos? Que sentido connotativo crees que ten a palabra “refuxiado”?
- Ocorrénseche outras palabras cun léxico parecido?

DIAPOSITIVA 5

- Que palabras consideras máis próximas semanticamente a “refuxiado”? E máis afastadas?
- Hai algunha palabra que crees que non debese estar aí? Por que?
- Se tiveses que agrupalas como palabras positivas, negativas ou neutras, como o farías?
- Se tiveses que facer un mapa conceptual que conectase todas as palabras, como o farías?
- Engadirías palabras a esta lista? Cales serían? Inclúeas no teu mapa de conceptos.
- A expresión “fuga de cerebros” ten en galego relación léxica e semántica coa palabra “refuxiado”. Que exemplos coñeces que unan ambos os conceptos?

DIAPOSITIVA 6

- Coñecías estas palabras?
- Cal é o significado denotativo destas palabras? E o connotativo? Que uso pragmático facemos delas?
- Como inflúe a intención coa que se din estas palabras? E o contexto? Cales delas son sempre un insulto e cales dependen do contexto? Ocorrénseche exemplos?
- Coñeces a canción “Frijolero”, de Molotov? Que usos da linguaxe che chaman a atención nesta canción? Que parecidos e diferenzas ves con esta outra canción: “Voy cruzando el río”, de Tam Tam Go. Coñeces outras cancións relacionadas?
- Que outras palabras parecidas a estas coñeces? Paréceche correcto usalas?
- Crees que a propia palabra “refuxiado” pode ser pexorativa? Coñeces Common Sans, a fonte tipográfica que transforma a palabra “refugee” por “human”? Que che parece?

DIAPOSITIVA 7

- Falamos de modo diferente das persoas migrantes e refuxiadas nestes ámbitos?
- Que cousas se din e que cousas calan en cada caso?
- Por que crees que se empregan diferentes discursos sobre a migración e o refuxio en diferentes ámbitos?
- Crees que é positivo ou que é negativo que cambiemos o noso discurso sobre un tema en diferentes contextos? A quen beneficia? A quen prexudica?

DIAPOSITIVA 8

- De onde son estas persoas?
- En quen pensamos cando pensamos nun refuxiado (muller, home, neno, nena, estudante, traballador?)
- Onde cremos que hai máis refuxiados? En Europa, en Asia, en África, en América...?
- Creemos que o refuxio é un fenómeno recente ou que vén de antigo?

DIAPOSITIVA 9

- Que vimos nas noticias?
- Que sabemos dos refuxiados polo que aparece nas noticias?
- Se tivéssemos que describir a un refuxiado polo que vemos nos medios, que tipo de persoa sería?

DIAPOSITIVA 10

- Dirías que tras estas imaxes hai decisións políticas?
- Crees que son decisións correctas ou incorrectas? A quen benefician e a quen prexudican?
- Que decisións tomarías ti se estiveses nun goberno?
- Que decisións son internacionais, cales son estatais e cales son locais?
- En que nivel de goberno crees que poderías influír máis: internacional, estatal, autonómico ou local? Que poderías facer?

DIAPOSITIVA 11

- Que che gustaría expresar sobre os nenos e nenas migrantes e refuxiados?
- Que formato che permitiría expresarte mellor?
- A que público iría dirixido?
- Que queres transmitir? Queres informar, convencer, educar ou mobilizar a outros?
- Con que recursos e habilidades contas? Que dificultades prevés?
- Como o farías? Como o difundirías?

20 DE NOVIEMBRE

CELEBRACIÓN DO DÍA DA INFANCIA



Como complemento a esta actividade propoñémosvos unha acción de mobilización moi especial: crear entre todos un pasaporte que reforce o noso dereito á identidade, á cidadanía e á protección e no que poderemos convidar simbólicamente a mozos e mozas en busca de refuxio e acollida. Podes descargar o modelo e obter máis información sobre esta actividade en www.unicef.es/educa



© UNICEF/UNI197544/Ose



Edición:

UNICEF Comité Español

www.unicef.es/educa

Os materiais educativos, recursos e actividades sobre dereitos de infancia, desenvolvemento sustentable e cidadanía global forman parte do traballo en Educación en Dereitos e Cidadanía Global de UNICEF Comité Español, estando anteriormente publicados baixo a marca Enrédate e a web enredate.org. Os feitos e opinións aquí mostrados non representan necesariamente o punto de vista de UNICEF.

UNICEF promove os dereitos e o benestar de todos os nenos e nenas en todo o que facemos. Xunto aos nosos aliados, traballamos en 190 países e territorios para transformar este compromiso en accións prácticas, centrando especialmente os nosos esforzos en chegar aos nenos máis vulnerables e excluídos para o beneficio de todos os nenos, en todas partes.



cooperación
española

Esta publicación forma parte dun proxecto financiado pola Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento (AECID): "Promover o compromiso social co desenvolvemento e os dereitos da infancia desde o sistema educativo español". O contido desta publicación non reflicte necesariamente a opinión da AECID.



Esta obra ten unha licenza Creative Commons Atribución-Non comercial-Non derivadas 4.0 Internacional, excepto nos contidos con noutro tipo de licenza definido.